

ESTADÍSTICA. PROBABILIDADE

ACTIVIDADE 1. PROBABILIDADE CONDICIONADA E POBOACIÓN

Obxectivos:

- ◆ Manexar os conceptos da probabilidade.
- ◆ Interpretación da probabilidade condicionada.
- ◆ Obter unha idea da procedencia dos habitantes galegos.

Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Coñecementos básicos de probabilidade.
- ◆ Saber interpretar a probabilidade condicionada.

Cuestións a resolver:

Completa a seguinte táboa cos datos de poboación residente en Galicia segundo sexo e lugar de nacemento do último ano dispoñible e responde ás preguntas que aparecen a continuación:

	Poboación total	Homes	Mulleres
Total
No concello de residencia
Noutro concello da mesma provincia
Noutra provincia de Galicia
Noutra comunidade autónoma
No estranxeiro

- 1) ¿Cal é a probabilidade de que ao elixir unha persoa ao azar obteñamos un home?
.....
E, ¿cal é a probabilidade de que sexa muller?.....
- 2) ¿Cal será a porcentaxe de persoas galegas que naceron no estranxeiro?
.....

- 3) Das persoas que naceron no estranxeiro, ¿cal é a porcentaxe de mulleres?.....

- 4) Elixindo unha persoa ao azar en Galicia resultou ser muller, ¿cal sería a probabilidade de ser estranxeira?.....

- 5) Elixindo de novo unha persoa ao azar resultou que non naceu no estranxeiro, ¿cal sería a probabilidade de que fose home?.....

Antes de responder á seguinte pregunta servirache de axuda completar a árbore que aparece a continuación coas probabilidades que xa coñeces:

E ="Naceu no estranxeiro"; E^c ="Non naceu no estranxeiro"; H ="Home"; M ="Muller"

